

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DO PINO PARA A CONSTRUCCIÓN DUN LOCAL CULTURAL E SOCIAL EN SAN MAMEDE DE FERREIROS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello do Pino o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello do Pino para a construción dunha edificación destinada a local cultural e social no lugar de San Mamede de Ferreiros.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade. O Concello do Pino conta cunha poboación dispersa en trece parroquias. Os centros socioculturais actuais (como o Luís Seoane en Pedrouzo) e o de Castrofeito resultan insuficientes para cubrir a demanda dos veciños que residen nos núcleos máis afastados. Para mitigar a dispersión xeográfica (13 parroquias), frear o despoboamento xuvenil, diversificar a economía máis aló do Camino de Santiago e dar cabida ao crecente tecido asociativo que actualmente satura instalacións clave como o Centro Sociocultural Luís Seoane, faise necesario crear espazos de uso público que garantan a igualdade de acceso a programacións culturais e que fomenten a participación de colectivos vulnerables que teñen dificultades de desprazamento. O desenvolvemento desta infraestrutura cultural permite centralizar e mellorar os servizos que xa presta o concello. O proxecto incorpora unha solución arquitectónica que combina un espazo interior polivalente cun poche cuberto que amplía as posibilidades de uso do edificio e reforza a súa relación coa contorna. Dada a condición do municipio, como paso clave do Camino Francés, hai unha necesidade estrutural de crear puntos de interpretación e difusión cultural onde convivan o patrimonio local do Pino co fluxo de peregrinos.



Por todo o anterior, o concello do Pino é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo esta actividade con estas especiais características, a única que se vai desenvolver na nosa Comunidade Autónoma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

